


Honorato, o rato namorado



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Honorato, o rato namorado
Antonio García Teijeiro
Manolo Uhía
Xerais
Merlín
64
978-84-9782-574-0
De 7 anos en diante

XERAIS



o autor

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952)

É docente e colaborador en tarefas de fomento da lectura e obradoiros de creación. Autor de libros de texto, dirixiu unha colección de literatura xuvenil e foi membro de importantes premios literarios. Tamén traduciu libros dentro do campo da literatura infantil e xuvenil.

Obtivo o Premio Merlín coa obra *Na fogueira dos versos*, que tamén entrou na Lista de Honra do IBBY en 1997 e resultou finalista do Premio Nacional. Acadou o Premio Pier Paolo Vergerio da Universidade de Padua en 1998. Varios dos seus libros foron incluídos nas Listas de Honra da CCEI e da revista CLIJ. No VI Simposio de Literatura Infantil e Lectura da FGSR, o seu libro *Versos de agua* (en galego *Cacarabín, Cacarabón*) foi elixido entre «Los 100 del Siglo XX». O seu libro de relatos *Trala liña do horizonte* foi elixido como libro asociado do «Fórum Barcelona 2004». En 2007 recibiu o Premio Luna del Aire de Poesía Infantil pola obra *Estela de versos*, escrita conxuntamente con Rafael Cruz Contarini.

Entre unha produción moi abundosa podemos citar algún libro de narrativa como *A chave dos soños, A teima de Xan, Fantasía en Re Maior, Sempre quenta o sol, En voz baixa, Os peixes de cores, Noa* ou *Trala liña do horizonte*.

Sobresae no xénero lírico. Algúns dos seus libros son *As catro estacións, Ventos, Lueiro de papel, Chove nos versos, Cacarabín, Cacarabón, Unha chea de aloumiños, Cadernos de fume, Palabras envoltas en cancións, Paseniño, paseniño, Bicos na voz, O que ven os ollos dos nenos...* Tamén é autor dunha antoloxía poética titulada *Os nosos versos*.

o ilustrador

Manolo Uhía (Vigo, 1944)

É un dos ilustradores máis recoñecidos do panorama galego, se ben destaca tamén como pintor.

Conta con gran cantidade de obras ilustradas: *A cidade dos desexos*, *Un robot pequeno*, *Contos de animais I*, *A pantofo da torre*, *Eu conto, ti cantas...*

De cando en vez escribe as súas propias historias como *Evaristo*, *un corvo moi listo*. As ilustracións realizadas para este libro, *Honorato*, *o rato namorado*, son realmente fantásticas. Nelas combina o mellor da súa calidade de ilustrador na realización das figuras cuns fondos que lembran a súa faceta de pintor, onde destacan as liñas curvas e o tratamento da cor.

o libro

Este libro pode entenderse como unha homenaxe a aquel outro titulado *Frédéric*, protagonizado tamén por un rato poeta.


Honorato é un rato namorado da lúa, a quen lle escribe poemas. El é un máis dunha cadea de ratos especiais, pois no libro faise referencia a *Frédéric* –outro rato poeta, como dixemos, protagonista dun libro do mesmo nome–, e finalmente, ao narrador desta historia, que se presenta ao final e resulta ser outro rato namorado da lúa.

temas e valores




A poesía

Un xénero que esperta o interese dos máis pequenos aínda que, ás veces, non sexamos suficientemente conscientes dese valor. Os poetas como seres cunha carga de sensibilidade e inocencia que os fai capaces de emocionarse con cousas que aos demais humanos non lles teñen demasiado interese.



Os ratos

Libros sobre ratos. Historias nas que eles son protagonistas, a pesar de tratarse duns animalíños que normalmente non resultan demasiado amigables.



Os libros

A rede de libros e lecturas que imos construíndo ao longo da vida. A maneira na que uns nos levan a outros, como se converten en referencias ás que volvemos unha e outra vez.

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observamos as capas e imaxinamos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título, cambiando determinadas palabras, pensando se nos lembra outros, escribíndolle un texto...
- A lectura da contraportada axudaranos a anticipar o argumento da obra. Deixamos que vaian agromando os coñecementos previos acerca dos ratos, da poesía e do amor. Falamos doutros libros que tamén tratasen estes temas.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos del. Podemos axudarnos coa lectura da lapela na que aparecen os seus datos e tamén revisando a outra na que aparecen todos os libros de Antonio García Teijeiro publicados nesta colección.
- Buscamos todos os libros que teñamos na biblioteca escolar deste autor e realizamos unha exposición.
- Podemos facer o mesmo cos libros ilustrados por Manolo Uhía.
- Na biblioteca escolar, documentámonos acerca destes dous creadores.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar a biobibliografía de cada un.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria. Unha vez lida a obra pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Terá que ter relación co tema.
- Repasamos as ilustracións e anticipamos a historia que se está a contar.

Ao longo da lectura

- Identificamos quen nos conta a historia.
- Contestamos:
 - Que é ser poeta?
 - Como se recoñecen os poetas?
 - Que fará un rato nunha cidade?
 - Lembramos aquela historia do rato de campo e o rato de cidade? Contámola.
 - Que será bañarse no lueiro?
 - Pode ser Honorato un rato de biblioteca? Argumenta a resposta.

actividades

—Para que usarías ti as palabras azuis? E as verdes? E as amarelas? Para que as negras? E as laranxas? E as grises? Para que as vermellas? E as violetas?

—Por que cres que se namora alguén da lúa?

—Que libros de poesía coñeces?

—Cal é o poema que máis che gusta?

—Falan os libros, dalgunha maneira?

—Por que se fala de ratos de biblioteca?

—Como serán as residencias de ratos? Debuxa unha e explica as súas normas de convivencia.

—Cal será a diferenza entre «falar da vida» e «xogar na vida», tal e como aparece na páxina 37?

—Cantos ratos aparecen nesta historia? Debúxaos todos e fai que manteñan unha conversa entre eles.

—Quen será o poeta máis importante do País dos Ratos? Dásenos unha pista: escribiu sobre as estacións do ano. Se ademais nos din o seu nome, *Fréderrick*, xa podemos ir buscar ese libro á biblioteca.


- As pombas, ás veces, fan de mensaxeiras. Escribamos unha historia, real ou fantástica, acerca desta vocación de correo con ás que teñen estas aves.
- Definamos o termo poesía.
- Preparemos un recital poético. Cada un prepara o poema que lerá ou recitará. Poderase facer con música ou sen ela, só coa voz.
- Escribamos un poema sobre as palabras.
- «Fréderrick escribira que recollera raios de sol para os fríos e escuros días de inverno». Que recollerías ti para a longas noites de inverno?
- Frédéric tamén recollera «cores para o inverno gris». Que recollerías ti para os días nos que te sintes triste?
- A este autor gústalle falar da lúa nos seus poemas. Teredes que realizar unha tarefa ben interesante: atopar eses poemas sobre a lúa entre os seus libros.
- Debuxemos en forma de cómic a historia de Honorato tal e como se nos conta na páxina 13.
- Preparemos a lectura dos poemas que aparecen recollidos no libro.
- Fagamos como Honorato: comecemos lendo os poemas en voz baixa e rematemos dicíndoos a berros.
- Observemos as diferentes tipoloxías de textos que aparecen na obra: narración, poesía...
- Na biblioteca, Honorato atopa libros de todo tipo: libros de poemas, de narracións fantásticas, libros de aventuras, libros de contos populares... Escribamos o título dun libro que lémos de cada un dos xéneros que aparecen citados e de todos aqueles que sexamos quen de completar.
- Escribámoslle nós tamén un poema á lúa.
- Podemos animarnos a continuar o poema que aparece nas páxinas 26 e 27.

actividades

- Inventemos unha historia para explicar as fases da lúa: lúa nova, lúa crecente, chea, lúa minguante.
- Honorato le moitos libros de poesía e despois ponse a escribir. Será esa a maneira natural de facelo? Opinemos sobre a relación entre a lectura e a escritura.
- Imaxinemos o mundo visto dende a altura dun rato e debuxémolo.
- Observamos as ilustracións, comentámolas entre nós, escollemos a que máis nos gusta e argumentamos a elección.
- Escribímoslles pés de foto ás ilustracións.
- Documentámonos sobre os ratos.
- Buscamos información acerca das pombas.
- Escribamos todos os nomes de poetas que lembremos.
- Expliquemos a frase: «Se non houbese lúa, os ríos trabucarían o seu camiño».
- Tentemos reproducir as conversas dos vellos e vellas falando da vida, tal como escolta Honorato desde o seu calcetín.
- Contestemos as preguntas de Fréderick:
 - Quen derrete o xeo?
 - Quen acende a lúa?
- Poñámoslle nome ao último rato que aparece na historia.
- Escribámoslle poemas ao que atopemos á man: unha begonia, a casa do lado, a pega que vai de póla en póla... e digámosllos.

Despois da lectura

- Deste a outros libros. Se este libro nos gustou podemos continuar lendo obras deste autor, libros sobre ratos, sobre a lúa ou sobre a poesía. Mellor, leamos poesía!
- Busquemos na biblioteca libros de ratos. Xa veredes como hai moitos.
- Os libros ilustrados por Manolo Uhía tamén poden ser do noso interese. Revisémoslos e animémonos a deles. Como el tamén escribe, debemos conseguir as súas historias e delas.
- Unha vez rematada a lectura cambiámoslle o título ao libro se somos quen de atopar un que nos resulte máis axeitado.
- Escollemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos demais.
- Argumentamos a opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende o autor por medio da obra.
- Seleccionamos as ideas que nos mereceran un interese especial.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Continuamos o relato alí onde o autor a deixou, inventándolle outro final.
- Se este libro nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 502-2008